

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FORCAREI CELEBRADA O DÍA 19 DE MAIO DE 2016.**

<b>ASISTENTES</b>	
	<b>GRUPO POLÍTICO</b>
<b>ALCALDESA:</b>	
D <sup>a</sup> Belén Cachafeiro Anta.	PP
<b>CONCELLEIROS:</b>	
D Ricardo Villaverde Iglesias.	PP
D. Vicente Búa Martínez.	PP
D. Alejo Vidal Moreno.	PP
D <sup>a</sup> María Jesús Sineiro Vidal.	PP
D. José Francisco Bouzas Vázquez	PP
D <sup>a</sup> Ana Isabel Doval Fraiz.	PS de G -PSOE
D. José Manuel Álvarez Sanmartín	PS de G -PSOE
D. Roberto Jorge Correa.	BNG
<b>Falta previa excusa:</b>	
D. Miguel Pereira Fernández	PS de G -PSOE
D <sup>a</sup> María Abilleira Pomar.	F.F
<b>SECRETARIA:</b>	
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> Elena Sueiro Fernández	

En Forcarei a 19 de maio de 2016, mércores, sendo as doce horas doce minutos no Salón de Plenos da Casa Consistorial, previa convocatoria para o efecto, reúnense, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Forcarei.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, pola Sra. Presidenta declárase validamente constituída a sesión.

Pásase a continuación a trata-los seguintes asuntos incluídos na orde do día:

**1.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 5/2016 (TRANSFERENCIA DE CRÉDITO).**

A Sra. Alcaldesa explica que hai que proceder a realizar unha modificación de crédito porque para a obra de reparación do tellado da casa consistorial concederon 40.000 euros de subvención e o orzamento é de 60.000,00 €. O expediente xunto cos informes xa consta na documentación que foi remitida ca convocatoria plenaria.

Dna. Ana Isabel Doval Fraiz, voceira do PSdG-PSOE, pregunta dende cando estaba previsto solicitar esta subvención, si se trata de algo imprevisto, ou si foi improvisada. A Sra. Alcaldesa resposta que sempre se solicitan todas as subvencións que se convocan, indicando a Sra. Ana Doval que esta liña de axudas leva dende o 2004. A Sra. Alcaldesa di que é a primeira vez que se lle concede ó Concello, contestando a Sra. Doval que xa se obtiveron subvención por esta liña no bipartito. A Sra. Doval quere expoñer o sentido do voto do seu grupo, indica que se van abster porque están a favor de todos os investimentos en Forcarei, sexan a proposta do grupo de goberno ou do grupo socialista, pero hai tres meses que se aprobou o orzamento e nel non estaba prevista esta obra nin esta subvención, polo que conclúe que non era un orzamento nin tan organizado nin tan planificado.

Sometido o asunto a votación resulta a seguinte:

- Votos a favor: seis (6), Sres./as Concelleiros/as do PP.



- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: unha (3) , Sres./as. Concelleiros/as do PSdG-PSOE e BNG.

Queda aprobado por maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:


**Primeiro.-** Aprobar a modificación MC/TC pleno 5/2016 segundo o seguinte detalle:

Partidas que se minoran: 150.2270601 por importe de 20.497,15 €

Partida que recibe crédito: 933.63201 , por importe de 20.497,15 €

**Segundo.-** Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, publicándose o acordo no BOP por prazo de 15 días hábiles e considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública, debendo publicarse a aprobación definitiva.

E non tendo outros asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta da Corporación, levanta a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos, co que se da por rematado o acto, estendéndose a presente acta que asina a Sra. Alcaldesa-Presidente, comigo Secretaria, de todo o canto eu, dou fe.

Vº e B.  
A Alcaldesa,  
  
Asdo: Belén Cachafeiro Arta.

A Secretaria,  
  
Asdo: Mª Elena Sordo Fernández.